



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E TRES DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (47/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e vinte e nove minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás trece horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 19 de decembro de 2025
- 2.- Aprobación da relación de facturas núm. 068XRRSE/2025
- 3.- Aprobación da relación de facturas núm. 070XOISE/2025
- 4.- Xustificación de subvencións nominativas
- 5.- Aprobación expediente de contratación do servizo de mantemento do campo de fútbol do Xestal e zonas verdes do recinto 2026-2027
- 6.- Adxudicación contratos menores

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 19 de decembro de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 068XRRSE/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos e sobre o resto da documentación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as factura incluídas na relación delas n.º 68XRRSE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Informar que con data 22/12/2025, mediante resolución da Alcaldía nº 426/2025, queda levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención.

TERCEIRO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	068XRRSE/2025
Importe total	25.572,01€
Número de facturas e gastos que contén	7
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/1920
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/2652

CUARTO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 070XOISE/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención limitada previa de requisitos básicos e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 070XOISE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, tramitado para a súa aprobación con omisión da función interventora na contratación á que se refire o gasto a recoñecer e no que se pronuncia nos termos e co alcance do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, e considerando que consta acreditado que o servizo á que se refire está realizada e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender o gasto correspondente para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, o que o xustifica de maneira motivada, que os prezos que se facturan se axustan aos existentes no mercado, que se dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlle fronte, que descoñecía a necesidade de fiscalización previa e que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello por incumprir a obriga ao seu cargo, nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, e, polo tanto, que concorren razóns de interese público, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Coñecer e resolver a omisión de fiscalización acontecida, continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar a obriga correspondente ao gasto que contén a relación de facturas que se indica a continuación, ao que se presta aprobación, e acumular nun só acto as tres fases de execución do gasto ás que se refire o art. 67.1.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento ao dito acredor e a súa contabilización con cargo á aplicación orzamentaria que nela se indica:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	070XOISE/2025
Importe total	5.433,32€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2025/2248
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2025/2397



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta

4.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

4.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
CLUB DEPORTIVO CONCELLO DE MONFERO	JGG	Actividade de fútbol sala e ciclismo	2.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

4.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TABOADA	MIRF	Adquisición de equipamento e realización de actividades	1.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

5.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL E ZONAS VERDES DO RECINTO 2026-2027

O Sr. Secretario-Interventor dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, do prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas, informes e resto da documentación que, como a dita proposta, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Expediente TEdEC núm. 2025/C004/000003

Logo de ver a documentación do expediente de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL E ZONAS VERDES DO RECINTO 2026-2027 (prego de cláusulas administrativas, de prescricións técnicas, informes e demais documentación) e, a vista das características do contrato, e que considerase que o procedemento aberto simplificado é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Xustificar a necesidade de contratar o SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL E ZONAS VERDES DO RECINTO 2026-2027, definido no prego de prescricións técnicas elaborado polo Técnico deportivo, José Amando Pena Vila, cun orzamento 18.572,29€ anuais (Ive incluído), motivándoo, na necesidade de realizar o mantemento do campo de fútbol do Xestal e zonas verdes da instalación, para prestar á veciñanza e persoas usuarias este servizo con calidade.

2.- Non dividir en lotes polos seguintes motivos:

- A división en lotes tería un importante custo económico para o Concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.

3.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer a contratación de dito servizo mediante procedemento aberto simplificado, anexos e prego de prescricións técnicas que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, para á contratación do servizo por dous anos coa posibilidade de prórroga doutros dous anos máis.

4.- Aprobar o expediente de contratación do devandito servizo.

5.- Proceder a súa contratación utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos custos: o prezo máis baixo.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contratacióndelestado.es>), no que tamén se publicarán íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, anexos, prego de prescricións técnicas e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.

7.- Tramitar anticipadamente o expediente de gasto conforme autoriza o artigo 117.2 da Lei 9/2017, LCSP, e someter os acordos correspondentes á condición suspensiva de existencia de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

crédito suficiente e axeitado no orzamento dos exercicios futuros correspondentes. A aplicación orzamentaria á que se aplicará o gasto será a 342.21200

8.- Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación Permanente da Xunta de Goberno local, publicada a súa composición no BOP n.º 147, correspondente ao 3 de agosto de 2023.

9.- Facultar expresamente a Alcaldía para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.- ADXUDICACIÓN CONTRATOS MENORES

6.1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, da oferta recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Número expediente	2025/C002/000039
Órgano contratación	Xunta de goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	Póliza seguro 2026
Código CPV:	85100000-0 Servicios de saúde
Aplicación orzamentaria	920.16008 (condicionada á existencia de crédito no orzamento do 2026)
Orzamento licitación:	7019,40
Prazo execución	1 ANO
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar o obxecto deste servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios humanos propios precisos e suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	art.25.1, lei 7/1985, reguladora das Bases de réxime local

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Financiamento:	Municipal (fondos propios)		
Razón social	Detalle oferta	Oferta	Importe total
Sanitas S.A. de Seguros	Prima neta trimestral	1754,85	7019,40

**no primeiro recibo repercutirase un 0'15% en concepto de recargo do Consorcio de Compensación de Seguros*

Logo de ver a oferta recibida e o informe da Secretaría-Intervención incorporado ao expediente electrónico e, considerando que o contrato é preciso para atender a necesidade sinalada, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes cos mesmos argumentos que constan na providencia da Alcaldía, que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, e a urxencia de atender o asunto e as carencias a que obrigarían, a solicitude dunha única oferta, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Informar que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.
3. Adxudicar ao contratista, no prezo que se expresa, o servizo que se especifica, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria do exercicio próximo, que se reflicte, se ben queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio de 2026.
4. Tramitar anticipadamente o expediente de gasto conforme autoriza o artigo 117.2 da Lei 9/2017, LCSP, e someter os acordos correspondentes á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no orzamento dos exercicios futuros correspondentes. A aplicación orzamentaria á que se aplicará o gasto será a 920.16008.
5. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
6. Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

6.2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, da oferta recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR		
Núm. expediente:	2025/C002/000040	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local	
Tipo:	Obras	
Obxecto:	ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS EN SANTABAIA E PEREIRA (segundo memoria técnica que consta no expediente)	
Código CPV:	45233160 Camiños e outras superficies empedradas	
Aplicación orzamentaria	453,61100	
Orzamento base licitación:	15.730,00	
Prazo execución	4 meses	
Necesidade a satisfacer: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar o obxecto destas obras para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios humanos propios precisos e suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Infraestrutura viaria... Art.25 2,d) da Lei 7/1985, reguladora das Bases de réxime local	
Financiamento:	Municipal (fondos propios)	
Empresa licitadora	Importe sen IVE	Total co IVE
Excavaciones Luís Freire Vázquez	13.000,00 €	15.730,00 €

Logo de ver a oferta recibida e o resto de documentos incorporados ao expediente electrónico, considerando que o contrato é necesario polos motivos que se expresan, que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato e pola urxencia de levar a cabo os traballos de reparación



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

dos camiños por mor das deficiencias que presentan os camiños, para evitar riscos ás persoas usuarias e que o ofertante é o único contratista que os realizará no prazo estipulado, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.
3. Aprobar a memoria descritiva e valorada que consta asinada dixitalmente neste expediente electrónico polo Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez.
4. Adxudicar as obras contidas na memoria técnica, ao contratista sinalado na táboa anterior, segundo a oferta presentada, e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se reflicte e, a vista do seu prazo de execución, sometelo á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio de 2026.
- 5..Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
6. Trasladar este acordo ao Negociado municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gasto.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

6.3.- O Sr. Secretario-interventor dá conta deste expediente de contratación, do informe da Intervención, da oferta recibida e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, como a documentación citada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Número expediente:	2025/C002/000041	
Órgano de contratación:	Xunta de goberno local	
Tipo:	Servizos	
Obxecto:	ASISTENCIA TÉCNICA E URBANÍSTICA 1º SEMESTRE DE 2026 (Xestión, execución e disciplina urbanística e asistencia técnica diversa para o funcionamento dos servizos)	
Código CPV:	71000000-8 - Servizos de arquitectura, construción, enxeñería e inspección	
Orzamento licitación:	5.445,00	
Aplicación orzamentaria:	151.22706 do Orzamento 2026. Compromiso de gasto futuro	
Prazo execución	6 meses	
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor	
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Urbanismo (art. 25.a da Lei 7/1985)	
Financiamento:	Municipal (fondos propios)	
OFERTA		
ANTONIO LÓPEZ RODRÍGUEZ	4.500,00€ (Sen Ive)	5.445,50 €

Logo de ver a documentación do expediente e as necesidades deste Concello en materia de asistencia técnica e urbanística que fan preciso a contratación menor do SERVIZO DE ASISTENCIA E ASESORAMENTO EN MATERIA URBANÍSTICA, TÉCNICA, DE REDACCIÓN DE PROXECTOS E CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE MONFERO, para o 1º semestre de 2026, e o informe da Secretaría- Intervención que consta no expediente electrónico, e tendo en conta que está tramitándose o proceso para prover a praza de Arquitecto existente no cadro de persoal do Concello e que, mentres tanto, o servizo non pode quedar desatendido, a urxencia da súa adxudicación, que o ofertante foi adxudicatario deste servizo nos últimos anos, polo que é perfecto coñecedor do funcionamento del, así como do termo municipal, que o servizo obviamente non é



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

susceptible de realización independente mediante a súa división en lotes, a insuficiencia de medios para realizado, así como a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a súa planificación e resolución con máis anticipación e a utilización doutros procedementos de selección máis complexos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, que non supera o límite para cualificalo como menor que establece a normativa vixente reguladora, a boa oferta recibida e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, por iso propóñolle á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario para poder prestar á veciñanza os servizos xerais básicos e esenciais de competencia municipal indicados na parte expositiva da presente resolución, que o xustifican de maneira motivada.
2. Adxudicar a D. Antonio López Rodríguez, con DNI ****6339**, no prezo de 4.500,00€, máis 945,00€ de IVE, que suman un total de 5.445,00€, o contrato menor de servizos consistente na asistencia e asesoramento en materia urbanística, técnica, de redacción de proxectos, execución de obras e de contratación do Concello de Monfero, durante o 1º semestre de 2026, e tramitar o presente expediente con tramitación anticipada do gasto, conforme autoriza o artigo 117.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, con cargo ao exercicio 2026, adoptando o correspondente compromiso de gasto con cargo ao exercicio futuro na aplicación reflectida anteriormente na táboa, e sometendo esta adxudicación á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no exercicio de 2026.

O Servizo comprenderá o asesoramento, estudo e emisión de informes técnicos en materia urbanística, de licencias e comunicacións previas de obras e para a autorización, apertura e funcionamento de actividades e establecementos, inspección e expedientes de infracción urbanística; patrimonio e bens; elaboración de estudos, memorias e proxectos técnicos do Plan POS, do Plan de Agader de mellora de camiños de titularidade municipal, e os de subvencións ordinarias e habituais; replaneos e a súa comprobación, informes en expedientes de contratación e adxudicación, baixas desproporcionadas, documentación achegada; coordinación de seguridade e saúde, dirección de obras, supervisión e execución e control de obras e instalacións correspondente aos proxectos que redacte e das subministracións, actas de recepción ou entrega devolución de avais, comprobación de investimentos e demais que se lle encomenden, con presenza física mínima dun día á semana, durante catro horas, dun profesional habilitado para a atención ao público no despacho facilitado polo Concello, e sinatura e tramitación física e dixital.

3. Notificar este acordo ao adxudicatario, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
4. Trasladar este acordo ao Negociado Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos con cargo ao exercicio futuro próximo.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e cincuenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certífico.

O Alcalde en funcións

O Secretario